

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de xuño de 2009**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Eudósio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e cincuenta minutos do día oito de xuño de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(764).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 22 de maio de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(765).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA SOCIEDADE DEPORTIVA OCTAVIO DE VIGO. EXPTE. 5628/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.05.09, o informe xurídico, do 6.05.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e

xefe de Protocolo, do 4.05.09, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a OCTAVIO PILOTES POSADA, CIF G-36907384 unha subvención pola contía de 20.000 euros para axuda dos gastos de desprazamento da entidade, que será de cargo á partida 111.0.489.00.04 (outras subvencións).

2º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

3º.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

4º.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

5º.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar esta ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

6º.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

8º.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

9º.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

10º.- O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os pre-

ceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**3(766).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS TRAVESAS VIGO (AETRAVI) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DE FIN DE ANO 2009. EXPTE. 3102/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.09, o informe de fiscalización do 28.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animaicón Sociocultural, do 24.04.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas Vigo (AETRAVI) para a organización da Festa de Fin de Ano 2009.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 7.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas Vigo (CIF G-36.847.861), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0012 (Convenio Aetravi – Festa fin de ano) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2009.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DE FIN DE ANO.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Manuel Vázquez Iglesias, como presidente da Asociación de Comerciantes e Empresarios das Travesas-Vigo (AETRAVI), CIF nº B-36.847.861 e enderezo social na Gran Vía nº 176 – local 7 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3102/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo ten por finalidade, entre outras, a promoción de actividades lúdicas e culturais como medio de promoción da actividade comercial*

da zona. A tal fin e desde máis dunha década, a Asociación ven ocupándose da organización, desenvolvemento e execución da Festa de Fin de ano, na praza de América, o último día do ano.

II.- Que o Concello de Vigo anteriormente xa organizara esta festa pero por razóns operativas tivo que deixar este proxecto. A AETRAVI, de forma espontánea, asumiu a súa realización cuxa celebración véñse consolidando cunha constatada mellora de calidade e promoción, polo que o Concello considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do dito evento, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo. Esta festa constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta de ocio e cultura da cidade de Vigo, sendo a única da súa clase e a máis importante da comunidade autónoma galega, tanto pola calidade e custo da súa execución, como polo número de espectadores directos da festa, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0012, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros, a favor da asociación AETRAVI.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa de Fin de ano na praza de América.

V.- Que a entidade Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3102/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade AETRAVI, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo (AETRAVI) comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa de Fin de Ano e, concretamente, a:

1º.- Achegar toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para a organización xeral das actividades.

2º.- Realizar o evento segundo a programación proposta e o presuposto aprobado, comezando as actividades do programa á hora anunciada ó público e tendo comprobado coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento coa fin de realizar as correccións técnicas que fosen necesarias.

3º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa da festa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc.) para dar

*resposta ás posíbeis incidencias que se poidan producir durante o seu desenvolvemento e que serán de total responsabilidade da asociación.*

*4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización da actividade.*

*5º.- Informar e publicitar as actividades subvencionadas e o financiamento municipal, nos materiais impresos (carteis, programas, pancartas, etc), medios electrónicos e audiovisuais ou anuncios en medios de comunicación.*

*6º.- A entidade beneficiaria terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Conceder directamente á Asociación de Comerciantes e Empresarios Travesas-Vigo, unha subvención por importe de 7.000,00 (sete mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa de fin de ano na praza de América.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.00065.39.0040026131, domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de trinta días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

*- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

*- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*

*- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por*

resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Animación Sociocultural, antes do 10 de decembro. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos actos programados.*

*Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.*

*En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.*

*Décimo sétimo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*



*Décimo noveno.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

#### **4(767).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE “RESPIRO FAMILIAR”. EXPTE. 40298/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.05.09, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do Programa, do 29.04.09, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación Menela, con CIF: G36685964, para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade. A vixencia do convenio será ata o 31/12/2009.

2º.- Aprobar o gasto por un importe de 13.000,00€, con cargo á partida 3130.4890009 do ano 2009 “Convenio Fundación Menela”.

CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION "MENELA"

Vigo, \_\_\_\_de \_\_\_\_\_de 2009

REUNIDOS

Dunha parte D<sup>a</sup> María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte Don Cipriano Luís Jiménez Casas con DNI 35195099-Q, en calidade de Secretario da Fundación Menela con enderezo a efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, C.P. 36203 Vigo, e co teléfono 902.505.508, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que a "Fundación Menela ten como obxectivo a realización, sen ánimo de lucro, do fomento e prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza , ás persoas que sufran enfermidade ou marxinação social, mais especialmente ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, desenvolvemento humano, mellorar o seu entorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calqueira Institución u Organismo público ou privado. A finalidade deste convenio consiste na subvención da actividade a realizar pola Fundación Menela, que baixo o nome de "Respiro familiar", presta un servizo a familiares ou cuidadores habituales de persoas con discapacidade que precisen dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc. O servizo consiste en estanzas de corta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio Cami da Fundación Menela, donde ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc, realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

II- O concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (os de poboación superior a 20.000 habitantes).

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns

*humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.*

*A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*III- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida “Convenio Fundación Menela” 3130 4890009, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.000€, a favor da Fundación Menela*

*IV- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é prestar un servizo a familiares ou cuidadores habituales de persoas con discapacidade que precisen dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc. O servizo consiste en estanzas de corta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio Cami da Fundación Menela, donde ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc, realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.*

*V- Que a entidade “Fundación Menela” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Fundación Menela, o Concello de Vigo e a dita Fundación Menela, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

## **P A C T O S**

### Primeiro.-

*A entidade Fundación Menela comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo co programa de “Respiro Familiar” dirixido a familiares ou cuidadores de persoas afectadas por algunha discapacidade, e concretamente a:*

*Facilitar estanzas de corta duración (no edificio Cami da Fundación Menela, ubicado na rúa laxe nº 3) a persoas con discapacidade, de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos, empadroados no Concello de Vigo, e que fagan a aportación correspondente, que poden ser como mínimo de un día ata un máximo de tres preferentemente na fin de semana; os casos urxentes atenderanse calquera día da semana ata un máximo de seis días. O número máximo de usuarios por estanza é de catro persoas, atendidos por dous profesionais cualificados que permiten garantir ás familias a prestación dos servizos, podendo contar co servizo de voluntariado se fose preciso.*

*En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiaris das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Fundación Menela unha subvención para o exercicio 2009 por importe de 13.000 euros co obxecto de levar a cabo o programa de “Respiro Familiar” dirixido a familiares ou cuidadores de persoas afectadas por algunha discapacidade.

O programa levarase a cabo durante todo o ano 2009 ata esgotar o importe total da subvención, sendo 101 as estanzas programadas.

O custo da estancia por usuario e día no programa de “Respiro familiar” ascende a 163,72 euros, incluíndo manutención, aloxamento e retribución a monitores. A aportación do usuario do servizo será de 35 euros por persoa e día, e a aportación da Concellería de Benestar Social será de 128,72 euros por persoa e día. Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán á conta do beneficiario (cafétería, compras...)

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calqueira outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Este programa de “Respiro Familiar” é cofinanciado pola Concellería de Benestar Social e os beneficiarios do mesmo.

Polo período de vixencia do convenio, o Excmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 13.000,00€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890009, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Para a participación no programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 1 semana. A documentación que deberán acompañar será a seguinte:

- Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade para a que se solicita o servizo.

- Ficha de datos (cuberta e asinada) segundo o modelo adxunto.

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por “renta per cápita”, tendo preferencia as de menor cuantía, excepto as que a Traballadora Social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais.

Considérase urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 6 días.

Sexto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Oitavo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Fundación Menela e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Noveno.-

A Fundación Menela comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Décimo.-

A Fundación Menela poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo primeiro.-

A Fundación Menela comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2010, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- ◆ Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas

- ◆ *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  - *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
  - *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
  - *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
  - *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*

*Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

*Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

#### *Décimo segundo.-*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

#### *Décimo terceiro.-*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2009.*

#### *Décimo cuarto.-*

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

#### *Décimo quinto.-*

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo sexto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sétimo.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo oitavo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo noveno.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

Pola Fundación Menela

Polo Concello de Vigo

**5(768).- DAR CONTA DA SINATURA DE 39 CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON CENTRO EDUCATIVOS PARA A XESTIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR 2009-2010. EXPTE. 45209/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 3.06.09, conformado polo xefe de Sector de Acción e pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de abril de 2009, acordou a aprobación das Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de Axudas municipais escolares de libros e comedor e convenio de colaboración cos centros educativos para a xestión de ditas axudas.*

*Na base decimo terceira da convocatoria establécese que:*

*“As becas concédense ás familias e pagaránse aos centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos, de acordo a sua finalidade, responsabilizándose de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Departamento de Benestar Social”*

*Dacordo coa aprobación do modelo de convenio de colaboración cos centros educativos para a xestión de ditas axudas e a devandita Base décimo terceira, a Sra. Concelleira Delegada da Área de Benestar Social e os Directores dos seguintes centros asinaron convenios de colaboración para a xestión das Axudas municipais escolares de libros e comedor:*

1. C.E.I.P. RAMÓN Y CAJAL
2. COLEXIO MONTESOL
3. COLEXIO LOSADA
4. C.E.I.P. OTERO PEDRAIO
5. C.E.I.P. ALTAMAR
6. COLEXIO SAN JOSÉ DE LA GUÍA
7. COLEXIO MIRALBA-FILLAS DE XESÚS
8. C.E.I.P. FRIAN-TEIS
9. COLEXIO SAN JOSÉ DE CLUNY
10. C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO
11. COLEXIO POSSUMUS
12. C.E.P. DR. FLEMING
13. C.E.I.P. ESCULTOR ACUÑA
14. CENTRO SALESIANO MARIA AUXILIADORA
15. COLEXIO ROSALÍA CASTRO
16. C.E.I.P. FONTEOSCURA
17. C.P.R. SANTA CRISTINA
18. C.E.P. SANTA TEGRA
19. E.E.I. CRSITO DA VICTORIA
20. C.E.I.P. SAN SALVADOR
21. COLEXIO DIVINO SALVADOR
22. CENTRO ESCOLAS NIETO
23. C.E.I.P. SANTA MARIÑA
24. C.E.I.P. CHANS-BEMBRIVE
25. COLEXIO ATALAIA CANTABRIA
26. COLEXIO SAN FERNANDO
27. C.E.I.P. SÁRDOMA MOLEDO
28. C.E.I.P. EMILIA PARDO BAZÁN
29. E.E.I. ARAGÓN
30. C.E.I.P. A PAZ-TINTUREIRA
31. C.E.I.P. MESTRES GOLDAR
32. C.E.I.P. VIRXE DO ROCÍO
33. CENTRO NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA



34. COLEXIO MERCANTIL
35. C.E.I.P. ILLAS CÍES
36. COLEXIO ATLÁNTIDA
37. C.E.I.P. SEIS DO NADAL
38. C.E.I.P. A DOBLADA
39. COLEXIO BREOGÁN

*Por isto propónse a adopción do seguinte acordo:*

*“A Xunta de Goberno Local dáse por enterada, dacordo co aprobado na sesión de 20 de abril de 2009 das Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de Axudas municipais escolares de libros e comedor e convenio de colaboración cos centros educativos para a xestión de ditas axudas, da sinatura de 39 convenios de colaboración con centros educativos para a xestión de ditas axudas:*

1. C.E.I.P. RAMÓN Y CAJAL
2. COLEXIO MONTESOL
3. COLEXIO LOSADA
4. C.E.I.P. OTERO PEDRAIO
5. C.E.I.P. ALTAMAR
6. COLEXIO SAN JOSÉ DE LA GUÍA
7. COLEXIO MIRALBA-FILLAS DE XESÚS
8. C.E.I.P. FRIAN-TEIS
9. COLEXIO SAN JOSÉ DE CLUNY
10. C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO
11. COLEXIO POSSUMUS
12. C.E.P. DR. FLEMING
13. C.E.I.P. ESCULTOR ACUÑA
14. CENTRO SALESIANO MARIA AUXILIADORA
15. COLEXIO ROSALÍA CASTRO
16. C.E.I.P. FONTEOSCURA
17. C.P.R. SANTA CRISTINA
18. C.E.P. SANTA TEGRA
19. E.E.I. CRISTO DA VICTORIA
20. C.E.I.P. SAN SALVADOR
21. COLEXIO DIVINO SALVADOR
22. CENTRO ESCOLAS NIETO
23. C.E.I.P. SANTA MARIÑA
24. C.E.I.P. CHANS-BEMBRIVE
25. COLEXIO ATALAIA CANTABRIA
26. COLEXIO SAN FERNANDO
27. C.E.I.P. SÁRDOMA MOLEDO
28. C.E.I.P. EMILIA PARDO BAZÁN
29. E.E.I. ARAGÓN
30. C.E.I.P. A PAZ-TINTUREIRA
31. C.E.I.P. MESTRES GOLDAR
32. C.E.I.P. VIRXE DO ROCÍO
33. CENTRO NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA
34. COLEXIO MERCANTIL
35. C.E.I.P. ILLAS CÍES

36. COLEXIO ATLÁNTIDA
37. C.E.I.P. SEIS DO NADAL
38. C.E.I.P. A DOBLADA
39. COLEXIO BREOGÁN”

*Nembargantes a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co proposto no precedente informe, queda enterada da sinatura dos citados convenios de colaboración con centros educativos para a xestión de ditas axudas.

#### **6(769).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2996/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 25.05.09 e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina administrativa de Contratación, do 25.05.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar e confirma-las actuacións preparatorias practicadas no expediente 2996-335, confirmando á orde de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado de Animación Sociocultural de 27 de marzo de 2009 e 28 de abril de 2009 , o informe do xefe do servizo de Animación Sociocultural que motiva a necesidade da adquisición de 27 de marzo de 2009 e 28 de abril de 2009 e demais actuacións administrativas obrantes no expediente.

2º.- Aproba-lo gasto de 148.886 euros para a contratación do subministro de de mobiliario para o Auditorio Municipal do Concello de Vigo que se imputarán a partida 4510.625.00.01 do presuposto do ano 2009.

3º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o subministro de mobiliario para o Auditorio Municipal do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 27-03-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento aberto con múltiples criterios de data 05-05-2009 e tramitación ordinaria.

4º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Diario Oficial de Galicia.

**7(770).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS AUTOBOMBAS URBANAS, UNHA LIXEIRA E OUTRA PESADA PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 1063/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 25.05.09 e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina administrativa de Contratación, do 25.05.09, conformado polo concelleiro Delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar e confirma-las actuacións preparatorias practicadas no expediente 1063-213, confirmando á orde de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade o 16 de xaneiro de 2009, o informe que motiva a necesidade da adquisición e demais actuacións administrativas obrantes no expediente.

2º.- Aproba-lo gasto de 550.000 euros para a contratación do subministro de dúas autobombas urbanas, unha lixeira e outra pesada para o servizo de bombeiros que se imputarán a partida 2221.624.00.00 do presuposto do ano 2009.

3º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o subministro de dúas autobombas urbanas, unha lixeira e outra pesada para o servizo de bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 19-01-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento aberto con múltiples criterios de data 05-05-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

**8(771).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda devolver as seguintes fianzas xa que as obras e subministracións ás que se refiren foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

A) Devolver a CONSTRUCCIONES CRESPO S.A. a fianza de 7.115,57 € constituída para responder das obras de mellora do contorno da sociedade cultural Helios xa que foron recibidas mediante acta de 30.11.07.Expte. 2641/241.

B) Devolver a ORESA S.L. a fianza de 3.240 € constituída para responder das obras de mellora de beirarrúas na Vía Norte. Expte. 2624/241.

C) Devolver a CESPAS.A. a fianza de 1.114,49 e 311,26 € constituídas para responder do mantemento do campo de fútbol de Balaídos e ampliación. Expte. 2718/241.

D) Devolver a EL CORTE INGLÉS S.A. a fianza de 13.126,12 € constituída para responder da subministración de vestiario para o persoal municipal 2006-2007. Expte. 2715/241.

**9(772).- APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO 2009/2012. EXPTE. 11578/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 24.03.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para a programación de actividades e do seu funcionamento, para o período 2009-2012, por importe de 82.000 euros (oitenta e dous mil euros) no actual exercicio de 2009; con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo polo importe citado para esta anualidade, o que supón una aportación do 41,39 % ao seu presuposto ordinario de gastos.

Os importe da subvención será de 84.050 € en 2010, de 86.151 € no ano 2011 e de 88.304 € no ano 2012. As anualidades da subvención serán efectivas de acordo coas seguintes condicións:

- a) dispoñibilidade de dotación presupostaria adecuada e suficiente no presuposto municipal de cada exercicio económico;
- b) presentación pola Fundación Laxeiro do programa de actividades e funcionamento e presupostos, dentro dos dous primeiros meses de cada anualidade, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural;
- c) as normas reguladoras das anualidades da subvención serán as mesmas que se establezan no acordo de concesión;
- d) ter cumpridas, por parte da Fundación Laxeiro, todas as obrigas derivadas da subvención outorgada nas anualidades anteriores e no caso de incumprimento a Xunta de Goberno Local podería deixar sen efecto a subvención ou adoptar outras medidas previstas na lexislación ou normas sobre subvencións.
- e) para as anualidades da subvención de 2010, 2011 e 2012 establecense pagamentos fraccionados do 25% do total de cada importe anual, antes do remate de cada trimestre excepto no último que deberá solicitarse antes do 30 de novembro.

2º.- A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación Laxeiro axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2009, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación Laxeiro, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

A Fundación Laxeiro está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); a presidencia correspóndelle o Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro inclúese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas e a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. Enténdese que a forma de levar a cabo os obxectivos da Fundación constituída polo Concello é contribuir ao sostenimento do seu programa e funcionamento. Por todo o exposto, non procede a concorrencia competitiva en relación a esta subvención.

### 3º.- CONDICIÓN DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO.

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (según se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia). Neste sentido considérase que a Fundación Laxeiro deberá asumir os compromisos e condicións que se detallan de seguido.

#### 1. CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN.-

*A condición da Fundación Laxeiro como beneficiario da subvención deberá axustarse aos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; acreditando, a través dunha declaración incluída no expediente, non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.*

#### 2. IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.-

*O importe das subvencións ou axudas percibidas pola Fundación Laxeiro en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actidade ou obxecto subvencionados. (Art. 17.3. da lei 9/2007 de subvencións de Galicia)*

*A Fundación Laxeiro comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

### 3. MODIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS DO PROXECTO SUBVENCIONADO.

*A Fundación Laxeiro comunicará ao Concello de Vigo as modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citad lei).*

### 4. DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.-

*A Fundación Laxeiro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre a Fundación Laxeiro, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*A Fundación Laxeiro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á entidade como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en tódalas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á Fundación Laxeiro, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*A Fundación Laxeiro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*

*A Fundación Laxeiro tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar; armonizando estes compromisos co respecto á liberdade de creación dos artistas.*

#### 5. LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓN.-

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

#### 6. GASTOS SUBVENCIONABLES.-

*Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento da entidade e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta para o cumprimento dos seus fins, o longo dos exercicios 2009, 2010, 2011 e 2012, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

#### 7. FORMA DE PAGAMENTO.-

*O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2009, de acordo co seguinte calendario:*

- a) unha primeira achega, por un importe máximo do 50% do total da subvención trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local;*
- b) unha segunda achega, por importe máximo do 25% da subvención durante o mes de setembro de 2009 ou nos dous meses seguintes á concesión pola Xunta de Goberno Local ;*
- c) unha terceira achega, polo importe pendente de tramitación antes do 30 de novembro de 2009, xunto coa liquidación.*

*Para as anualidades da subvención dos exercicios 2010, 2011 e 2012 a Fundación Laxeiro, tras a conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural coa programación e presupostos de cada anualidade, poderá solicitar 4 pagamentos trimestrais do 25% do total de cada importe anual, antes do remate de cada trimestre excepto no último que deberá solicitarse antes do 30 de novembro.*

#### 8. DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

*Para cada unha das achegas:*

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos. Achegaranse as facturas orixinais correspondentes ao importe solicitado para cada período.*

c) *Certificación da estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidos pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo; ou declaración responsable ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 7/2007 de subvencións de Galicia.*

Para o trámite da primeira achega o Concello de Vigo terá que dispoñer de:

- *copia da póliza de seguro dos bens incluídos na planta terceira da Casa das Artes; na que o Concello de Vigo deberá figurar como beneficiario das 62 obras de Laxeiro das que é propietario e que ten cedidas en depósito á Fundación;*
- *copia do contrato de vixilancia, que establezan coa empresa de seguridade que preste servicios no resto das dependencias municipais da Casa das Artes.*

Liquidación da subvención:

*Para a liquidación da terceira achega de 2009 ou da última fracción das restantes anualidades, presentarse a seguinte documentación antes do 30 de cada ano:*

- *Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- *Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo:*

*Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).*

*Memoria de prensa.*

c) *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento e actividades de Fundación, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes.*

d) *Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos pola Fundación Laxeiro para financiar a totalidade das súas actividades e funcionamento: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

*A Fundación tamén achegará á unidade xestora da subvención, polo menos coa liquidación da subvención: informes sobre os fondos municipais cedidos á Fundación (préstamos, conservación, itinerancias, xestión dos dereitos, etc.) e informe sobre a actividade do Padroado da Fundación (cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.)*

*As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que*



*xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.*

*Cando a entidade beneficiara demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporare ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*

*Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiara con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Con cada solicitude de pagamento a Fundación Laxeiro acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia. No caso de que algunha actividade dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación, achegarán catro exemplares ao departamento de Cultura do Concello.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.*

#### **9. UNIDADE XESTORA.-**

*A unidade xestora da subvención á Fundación Laxeiro é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a Fundación informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento. En especial a Fundación Laxeiro obrígase a informar puntualmente ao Departamento de Cultura do Concello de Vigo e coa antelación que se determine sobre a programación prevista, para incluíla na información cultural que se produza.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas*

*circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### 10. ACEPTACIÓN DE OBRIGAS.-

*A concesión da subvención á Fundación Laxeiro implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **10(773).- APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO, ANO 2009. EXPTE. 11577/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 12.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 28.04.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultural e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar á FUNDACIÓN MARCO, CIF G36909885, unha subvención de 805.000 € (oitocentos cinco mil euros), con obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2009; con cargo á partida 4510.489.00.03 “Aportación Fundación MARCO” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo co citado importe.

A subvención supón 47,60 % do gasto total do proxecto do MARCO e é compatible con outras subvencións, axudas ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

2º.- A subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Marco, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación MARCO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2008, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación MARCO, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

Á vista do artigo 5 dos Estatutos do Marco, aprobados polo Pleno en sesión de 29 de xullo de 2002, establécese que o Concello de Vigo, como entidade fundadora forma parte do Padroado e en virtude da súa aportación, adquiriu o compromiso estábel no desenvolvemento

da Fundación; enténdese que e a forma de levalo a cabo é contribuir ao sostemento do seu programa e funcionamento. Por todo o exposto, non procede a concorrència competitiva en relación a esta subvención.

### **3º.- CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO.**

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (según se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia). Neste sentido considérase que o MARCO deberá asumir os seguintes compromisos e condicións:

#### **3.1. CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN.-**

*A condición do MARCO como beneficiario da subvención deberá axustarse aos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; acreditando, a través dunha declaración incluída no expediente, non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.*

#### **3.2. IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.-**

*O importe das subvencións ou axudas percibidas polo MARCO en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actidade ou obxecto subvencionados. (Art. 17.3. da lei 9/2007 de subvencións de Galicia)*

*O MARCO comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

#### **3.3. MODIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS DO PROXECTO SUBVENCIONADO.**

*O MARCO comunicará ao Concello de Vigo as modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*

*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).*

#### **3.4. DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.-**

*O MARCO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o MARCO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*O MARCO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á entidade como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de*

Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MARCO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

O MARCO comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

O MARCO tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar; armonizando estes compromisos co respecto á liberdade de creación dos artistas.

### 3.5. LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

### 3.6. GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento da entidade e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta para o cumprimento dos seus fins, o longo do exercicio 2009, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

### 3.7. FORMA DE PAGAMENTO.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Marco do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2009, de acordo co seguinte calendario:

- a) unha primeira achega, por importe de 201.250 € trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local;
- b) unha segunda achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de xuño de 2009;
- c) unha terceira achega, por importe de 201.250 € antes do 30 de setembro de 2009;
- d) e unha cuarta achega, por importe de 201.250 € antes do 28 de novembro de 2009.

### 3.8. DOCUMENTOS PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos.

- *Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias.*
- *Certificación da Consellería de Economía e Facenda, de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.*
- *Certificación da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas.*
- *Certificación do Concello de Vigo de estar ao corrente nos pagamentos.*

*A primeira e a segunda achegas considéranse pagamentos a conta da subvención outorgada.*

*Para o trámite da primeira achega, aportarase copia da póliza de seguro da colección fotográfica do Concello de Vigo depositada no MARCO, onde figurará como beneficiario o propio Concello; para o trámite da segunda achega aportaranse os documentos xerais indicados para cada unha das achegas.*

*Para o trámite da terceira achega:*

*Presentarase a documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación Marco relativo á liquidación do orzamento ordinario do ano anterior, do balance de situación, conta de resultados etc. e certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade. Tamén se presentará o informe de auditoría externa previsto no apartado 4, do artigo 31 dos Estatutos, sen prexuízo daqueloutras auditorías ou controles que veñan esixidos pola natureza pública da subvención outorgada.*

*Liquidación da subvención:*

*Para a liquidación da cuarta achega, último pagamento da subvención, presentarase a seguinte documentación antes do 28 de novembro de 2008:*

- 1. Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.*
- 2. Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
  - *Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).*
  - *Memoria de prensa.*
  - *Memoria económica con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes.*

*Para a liquidación da subvención xustificarse o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acordo de concesión da subvención e incluírá os detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos polo MARCO para financiar a totalidade das súas actividades e funcionamento e deberá incluír na xustificación o importe, a procedencia, a data dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*

*Con cada solicitude de pagamento a Fundación Marco acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia. No caso de que algunha actividade dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas ao Marco, o Museo achegará catro exemplares ao departamento de Cultura do Concello.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.*

### 3.9. UNIDADE XESTORA.-

*A unidade xestora da subvención ao MARCO é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a Fundación MARCO informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento. En especial o MARCO obrígase a informar puntualmente ao Departamento de Cultura do Concello de Vigo e coa antelación que se determine sobre a programación prevista, para incluíla na información cultural que se produza.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

### 3.10. ACEPTACIÓN DE OBRIGAS.-

*A concesión da subvención ao MARCO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

## **11(774).- SUBVENCIÓN A CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DO FESTICLOWN 2009 E PROXECTO DE CONVENIO REGULADOR. EXPTE. 11580/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 12.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 28.04.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultural e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 90.000,00 € (noventa mil euros) a CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, CIF: F-15983067, para o financiamento do FESTICLOWN 2009 organizado por esta entidade, con cargo á partida 4510.470.00.01 “Convenio culturactiva Festival Festiclown”, que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

2º.- A subvención que outorga o Concello de Vigo a CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para o desenvolvemento do FESTICLOWN 2009, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de

2006), así como as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa a CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA axústase ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do concello de Vigo de 2009, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo o desenvolvemento do FESTICLOWN, promovido por CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. Ademais, ao ser o único festival destas características a nivel tanto local como rexional, que vai incrementando o ámbito territorial tanto dos artistas como dos participantes, a proxección exterior da actividade cultural viguesa a España e Portugal, e a complementariedade da programación cultural do Concello, son elementos que confiren un carácter singular á concesión da subvención, polo que non procede a concurrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art.26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

3º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do “FESTICLOWN 2009”.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTICLOWN 2009*

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil nove.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. Francisco Xosé Rey Regueiro, na súa calidade de secretario do Consello Reitor de CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, CIF: F-15983067, e con enderezo na rúa Betanzos 44 baixo, 15703 da cidade de Santiago de Compostela, que no sucesivo se denominará CULTURACTIVA.*

*MANIFESTAN*

- *O FESTICLOWN é un proxecto de CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA que se ven celebrando dende o ano 2000 en diferentes cidades de Galicia para converterse, co paso do tempo, nun evento cultural sen igual en Galicia e na Península, no que a formación teatral comparte espazo co lecer, a calidade artística e a dinamización social, constituíndo un intercambio contínuo entre artistas e público que se desenvolve en teatros, auditorios, rúas e prazas, enchendo de humor todos os espazos da cidade.*

- Ao longo destes anos, o Festiclown seduciou a profesionais e non profesionais, cidadáns, cidades, alumnado, visitantes... Artistas de talla internacional como Jango Edwars, Leo Bassi ou Pepe Viyuela o apadriñaron desde o seu nacemento, e gañouse o apoio masivo do público, tanto local, como das persoas chegadas de todos os recunchos da Península e máis aló converténdose nunha cita incondicional para moitas delas. Preto de 200.000 persoas foron dalgún xeito co-partícipes desta festa de narices vermellos ao longo da súa traxectoria.
- A marca de identidade do Festiclown é o seu espírito alternativo e solidario. Nestes anos, o Festiclown foi consolidando o seu prestixio ata converterse nun dos festivais de clown de referencia obrigada no ámbito estatal e internacional para afeccionados e expertos.
- Rescatar o Festiclown para a cidade de Vigo significa un novo impulso ao ámbito cultural da cidade. Considerando os resultados obtidos en edicións anteriores noutras cidades de Galicia, non cabe dúbida de que apoiando a esta actividade estamos achegando importantes beneficios para o Concello, tanto publicitariamente, como economicamente, pola repercusión a nivel galego como pola súa repercusión nacional e internacional, turística, etc., debido ao grande número de artistas nacionais e internacionais que participan no evento.
- De acordo coas escrituras de constitución da sociedade cooperativa galega CULTURACTIVA no artigo 4º dos seus estatutos, CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA é unha sociedade cuxo obxecto social é:
  - a) A xestión, promoción e produción cultural.
  - b) A produción e xestión de festivais, espectáculos e eventos culturais.
  - c) A produción, promoción e representación de compañías artísticas (musicais, teatrais, etc.).
  - d) Programación, xestión e desenvolvemento de actividades educativas de animación sociocultural, de medio ambiente, ocio e tempo libre
  - e) Asesoramento na produción e xestión de espectáculos e actividades culturais, artísticas e festas patronais.
  - f) A creación, promoción e conservación dun portal web, para a Cultura Alternativa.
  - g) Deseño e xestión de proxectos de integración social para colectivos en risco ou con minusvalías.
  - h) Realización de Estudos.
  - i) A sociedade poderá así mesmo desenvolver as actividades integrantes do seu obxecto social total, parcialmente ou de modo indirecto, mediante a titularidade de accións ou participacións noutras sociedades.
- O FESTICLOWN, é un elemento salientable da programación que contribúe ao cumprimento dos seus fins enmarcada dentro da súa influencia a nivel nacional e internacional.
- D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de concelleiro-delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e D. Francisco Xosé Rey Regueiro actúa na súa calidade de secretario do Consello Reito de Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega segundo consta en acta notarial de 31 de marzo de 2005, e actúa en virtude dos poderes de representación da Sociedade e de relación coas Administracións que lle outorgan os Estatutos de CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.
- A subvención que outorga O CONCELLO a CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para o desenvolvemento do FESTICLOWN 2009 axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.



- *CULTURACTIVA* reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no art.10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declarando non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, O CONCELLO e *CULTURACTIVA* establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a *CULTURACTIVA* pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data \_\_\_\_\_, con destino ao FESTICLOWN 2009.

##### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 110.000,00 € (cento dez mil euros), estes gastos son estimativos, xa que de momento non está pechada a programación definitiva. En todo caso, e ao ser os gastos estimados, éstos non poderán ser inferiores a 90.000,00 €. Os ingresos previstos por *CULTURACTIVA* proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (90.000,00 €, 81,82 % do total).

*CULTURACTIVA* comprométese a dar cumprida información ao departamento de Cultura sobre calquera modificación do orzamento de gastos e ingresos, así como do peche do programa definitivo en canto esto se produza.

##### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O FESTICLOWN 2009 realizarase no verán do ano 2009, e ten lugar nos seguintes espazos: Praza da Constitución, Rúa Príncipe, Barrio do Calvario e Praza de América.

##### CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE CULTURACTIVA.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades.
2. Responsabilizarse da organización integral do FESTICLOWN 2009, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao FESTICLOWN 2009.
4. Comunicar as incorporacións ao programa que se vaian pechando ao longo do ano en canto se teña constancia e remitir toda a información co obxecto de difundila nos soportes municipais pertinentes.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima.
6. *CULTURACTIVA* comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de activida-

*des, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*

- 7. A concesión da subvención a CULTURACTIVA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

#### **QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.**

- 1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do FESTICLOWN 2009 e colaborar na súa viabilidade.*
- 2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.**

*A unidade xestora da subvención a CULTURACTIVA é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do FESTICLOWN 2009; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.*

*Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

#### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.**

*CULTURACTIVA adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do FESTICLOWN 2009; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre FESTICLOWN, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*CULTURACTIVA asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do FESTICLOWN. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias CULTURACTIVA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*Asemade, CULTURACTIVA entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

*CULTURACTIVA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.*

*CULTURACTIVA tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*CULTURACTIVA facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do FESTICLOWN 2009 nos formatos axeitados co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, vigocultura, etc.)*

#### LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

#### OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

*O Concello de Vigo xestionará o pagamento a CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do FESTICLOWN 2009, de acordo co seguinte calendario:*

- a) Unha primeira achega, por importe de 45.000,00 € trala aprobación pola xunta de Goberno Local, e unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, tras a presentación do programa definitivo.*

- b) *Unha segunda achega ao finalizar o FESTICLOWN por importe de 45.000,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso antes do 30 de novembro de 2009.*

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- *Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.*
- *Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias.*
- *Certificación da Consellería de Economía e Facenda, de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.*
- *Certificación da Seguridade Social de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas.*
- *Certificación do Concello de Vigo de estar ao corrente nos pagamentos.*

Para a primeira achega:

*En caso de non ter facturas polo importe subvencionado, consideraranse pagamentos a conta aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento por importe equivalente ao importe subvencionado nesta primeira achega. As facturas correspondentes a estes pagamentos á conta se entregarán no momento no que estean en poder de CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA.*

Para a segunda achega (liquidación da subvención):

- a) *Memoria-avaliación do FESTICLOWN 2009, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:*
1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
  2. *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).*
  3. *Memoria de prensa.*
  4. *Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.*
  5. *Reportaxe fotográfica.*
- b) *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.*
- c) *Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA para financiar a totalidade do FESTICLOWN 2009: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase*

*o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

*Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; enténdese baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.*

#### GASTOS SUBVENCIONABLES.-

*Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao FESTICLOWN 2009, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

#### IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

*O Importe das subvencións ou axudas percibidas por CULTURACTIVA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*CULTURACTIVA comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*

#### NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

*O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte de CULTURACTIVA axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo cancelación do convenio.*

#### DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

*O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2009 .*

*Este convenio non é prorrogable.*

*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.**

*A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

*En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.*

**12(775).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A S.D. ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA CONSTITUÍDO POLA ORGANIZACIÓN DO XXXII TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS. EXPTE. 8636/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.05.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 300€, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a S. D. ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA, para responder dos danos do Parque Forestal de San Miguel de Oia, con motivo da celebración do XXXII Trofeo De Campo a Través, celebrado o pasado 1 de maio de 2009.

**13(776).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á A.S. CASTRO SAN MIGUEL CONSTITUÍDO POLA ORGANIZACIÓN DO CROSS CASTRO SAN MIGUEL. EXPTE. 8654/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 4.000€, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a A.D. Castro San Miguel para responder dos danos do Parque de Castrelos, con motivo da celebración do Cross Castro San Miguel, celebrado o pasado 24 de maio de 2009.

**14(777).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE VIGOSTICK CLUB DE HOCKEY 2001 PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2008-2009. EXPTE. 8602/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 11.05.09, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que reixerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Stick Club de Hockey 2001, para o proxecto de actividades do equipo de elite da categoría 1ª División Nacional de Hockei a patíns pola actividade na tempada 2008/2009.

2º.- Aprobar o gasto de 30.400,00 €. a favor da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001, co CIF: G-36888113, con enderezo social na rúa areal Nº 18, en Vigo, e numero de conta corrente: 2080.0000.71.0040273968. Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.08 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGOSTICK CLUB DE HOCKEY 2001 VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2008-2009.*

*Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dousmil nove*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, don Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Enrique Urdiales de Santiago como presidente da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001, CIF nº G-36888113 e enderezo social na Rúa Areal nº18, de Vigo en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8602-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 conta cun equipo que participa na categoría 1ª División nacional de hockey a patíns, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte. A entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 desenvolverá o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2008/2009.*

*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*

*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
  - Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
  - Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- d) Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- e) A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do 22 de decembro de 2008, na partida 4521.489.00.08 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.400,00 €, a favor da entidade deportiva Vigo Stick Club de Hockey 2001 .*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 na tempada 2008/2009.*

*V.- Que a entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8602-333.*

*VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 , o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Vigo Stick Club de Hockey 2001 convénen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*



1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001, (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Vigo Stick Club de Hockey 2001 unha subvención por importe de 30.400,00€ con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.08 do orzamento en vigor co obxecto de coadjuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de élite da entidade na tempada deportiva 2008/2009.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa conformada na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención recibida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos por importe da subvención recibida con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:*

*- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*

*- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

*- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na

*Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

**15(778).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A COPA DEPUTACIÓN JUNIOR O DÍA 14.06.09. EXPTE. 8634/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués a organizar o vindeiro domingo 14 de xuño de 2009, a COPA DEPUTACIÓN JUNIOR, a saída de dita proba ciclista, será dende o Mercado do Calvario ás 11.00 horas e rematará no Parque do Vixiador ás 13.30 horas aproximadamente.

**16(779).- MODIFICACIÓN DO PLAN CURRICULAR DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA FOLK E TRADICIONAL (E-TRAD) PARA O CURSO ACADÉMICO 2009-2010. EXPTE. 10692/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 2.10.08, conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

*A posta en marcha en outubro de 2008 das ensinanzas musicais na recentemente creada Escola municipal de música folk e tradicional (e-Trad) permite xa facer unha valoración sobre a necesidade ou non de realizar axustes finos na programación de materias e a súa distribución no tempo.*

*O director da e-Trad, mediante informe de data 21/05/09 comunica ao servizo municipal de Educación, de quen depende, da necesidade de axustar o plan curricular aprobado no seu día (Xunta de Goberno Local de data 26/02/08, expte 9217/332), no sentido de ampliar nun ano académico a duración das ensinanzas do primeiro nivel do Itinerario Profesional.*

Como se indica no citado informe, esta medida supón unha mellora desexable que facilita o desenvolvemento do plan curricular, non produce ningunha modificación contractual coa empresa adxudicataria e redonda en beneficio de alumnado e profesorado.

Deste xeito, o novo plan curricular modifica as seguintes cuestións:

- ✓ A duración prevista para cursar o primeiro nivel do Itinerario Profesional amplíase nun ano, pasando de dous a tres.
- ✓ No Itinerario Profesional formalízase a asignatura Instrumento 3, con 32 horas anuais.
- ✓ As materias denominadas “Optativas” na oferta educativa vixente ata a presente modificación, pasarán a denominarse “Complementarias” na nova distribución das materias proposta para todos os itinerarios.

Á vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Modificar puntualmente o plan curricular das ensinanzas da Escola municipal de música folk e tradicional (e-Trad), no sentido que se indica no presente informe-proposta e que consisten, de xeito resumido, na ampliación nun ano da duración do primeiro nivel do Itinerario Profesional e na programación dunha nova asignatura dentro dese Itinerario, denominada Instrumento 3

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(780).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE ADAPTACIÓNS, RENOVACIÓN E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO-LOTE 1. EXPTE. 10694/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 29.05.09, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓNS DE ADAPTACIÓNS, RENOVACIÓN E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO – LOTE 1: ALUMEADO DE EMERXENCIA E REVISIÓNS OCA.

*Localidade e situación:* CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN DE INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO – VIGO.

*Órgano de Contratación:* CONCELLO DE VIGO.

*Autor/a do proxecto:* ENXEÑEIRO D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ.

*Dirección facultativa:* D. ALVARO CRESPO CASAL.

*Contratista titular do plan:* GIZA INGENIERIA S.L.

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:* ENXEÑEIRO D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ.

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico:* ENXEÑEIRO D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ.

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: GIZA INGENIERIA S.L.*

*Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. JOSÉ MARÍA CENDÓN ÁLVAREZ.*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.*

*Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte*

**PROPOSTA:**

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIONES DE ADAPTACIONES, RENOVACION E CONSERVACION DAS INSTALACIONES ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO – LOTE 1: ALUMEADO DE EMERXENCIA E REVISIONS OCA.*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ALVARO CRESPO CASAL*

*Do presente acordo daráselle traslado a empresa adjudicataria GIZA INGENIERIA S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(781).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE ADAPTACIONES, RENOVACION E CONSERVACION DAS INSTALACIONES**

**ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO-LOTE 2. EXPTE. 10693/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 29.05.09, que di o seguinte:

*Obra: ACTUACIÓNS DE ADAPTACIÓN, RENOVACIÓN E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO – LOTE 2: ADAPTACIÓN E SANEAMENTO DOS CADROS, CABLEADO E CONSUMIDORES.*

*Localidade e situación: CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN DE INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO – VIGO.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ.*

*Dirección facultativa: D. ALVARO CRESPO CASAL.*

*Contratista titular do plan: INSTALACIONES INABENSA, S.A..*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO D. CARMELO MANUEL MORALES PÉREZ.*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: INSTALACIONES INABENSA, S.A..*

*Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. JOSÉ MARÍA CENDÓN ÁLVAREZ.*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.*

*Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ACTUACIÓNS DE ADAPTACIÓN, RENOVACIÓN E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO – LOTE 2: ADAPTACIÓN E SANEAMENTO DOS CADROS, CABLEADO E CONSUMIDORES.*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*
- 3. Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ALVARO CRESPO CASAL*

*Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria GIZA INGENIERIA S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segun-*

do preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(782).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A “ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA” E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA E A REALIZACIÓN DUN TALLER DE CREATIVIDADE LITERARIA. EXPTE. 3797/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 17.05.09, o informe de fiscalización do 1.06.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 2.06.09, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Dorna” e o Concello de Vigo para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria durante o ano 2009.

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 19.000,00€ (dezanove mil euros) con cargo á partida presupostaria “Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria, con cargo á partida 4632.489.00.02 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil nove

#### **REUNIDAS**

*Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.*

*Doutra, dona Aurea González González, como presidenta da Asociación de Mulleres Dorna, con CIF nº G36619468, con enderezo social na r/ Baiona, 9 baixo Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 3797-224.*

*Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*



## MANIFESTAN

I.- *A asociación de Mulleres Dorna, con máis de 30 anos de traxectoria no barrio de Coia, ten os seguintes fins:*

- *promover unha formación integral da muller encamiñada a desenvolver unha conciencia crítica, participativa, sociopolítica e solidaria como membro activo da sociedade en xeral e, principalmente, do seu contorno.*
- *Colaborar con calquer situación ou sector da sociedade referido a xustiza, paz , calidade de vida, etc.*

*No ano 2001, a Asociación de Mulleres Dorna crea no barrio, en colaboración co Concello de Vigo, un Punto de Información dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo contribúe á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos da administración. Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.*

*Neste ano 2009, a asociación de mulleres Dorna presenta ademáis o proxecto de “Taller de creatividade Cocinando palabras” que ten como finalidade fomentar a creatividade, potenciar a capacidade de imaxinar con distintos recursos creativos, a pintura, o cine, a música e a literatura, incentivar a autoestima, e o intercambio dinámico do grupo de mulleres participantes.*

II.- *A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.*

*A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento de recente creación formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Considerando que os fins da “Asociación de Mulleres Dorna” cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.*

III.- *Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008 na partida 4632.489.00.02 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 19.000,00€, a favor da Asociación de Mulleres Dorna.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación de Mulleres Dorna durante o exercicio 2009.

V.- Que a Asociación de Mulleres Dorna non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e/ou certificacións que figuran no expediente núm. 3797-224. Anexo IV

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mulleres Dorna, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

#### PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é:

1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.

2º.- Organizar un taller de creatividade literaria para mulleres, no que participarán un mínimo de quince alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

A Asociación de Mulleres Dorna comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Destinar a este fin unha oficina permanente da Asociación de Mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

*Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ao perfil que se establece no Anexo III e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

*4.- Informar ás usuarias do Punto Informa da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Centro de Emerxencia, así como do apoio que presta a asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”.*

*5.- Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtn en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*

*6.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

*7.- Presentar ante á Concellería de Igualdade unha memoria semestral e anual que incluírá o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base aos criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola Concellería de Igualdade.*

*8.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación de Mulleres Dorna non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*

*9.- As obrigas da Asociación de Mulleres Dorna, como beneficiaria da axuda, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:*

*1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.*

*2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.*

*3º.- Conceder directamente á Asociación de Mulleres Dorna, unha subvención por importe de 19.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse*

no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 6.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 6.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 7.000,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- A presidenta e coordinadora da Asociación de Mulleres Dorna
- Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna
- A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.
- Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente ao importe que teña sido financiado coa subvención concedida, así como declarar a procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que teñan sido financiados coa subvención concedida..*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2009. Anexo V.*

*Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención así como a axeitada xustificación da mesma será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade . A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos*

vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.

**20(783).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO EN ESTUDIOS DE XÉNERO 2008/2009. EXPTE. 3873/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.04.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 22.04.09, conformado pola concelleira de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a realización do “Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do Programa Oficial de Posgrao en Estudos de Xénero da Universidade de Vigo”.

2º.- Autorizar á Concelleira delegada de Igualdade para que o asine en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 6.000.-€ (seis mil euros) con cargo á partida presupostaria 4632 227 06 06 “Plan municipal de igualdade” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da concellería de igualdade en concepto de execución do convenio.

4º Aprobar o texto que de seguido se transcribe:

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO : PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO EN ESTUDIOS DE XÉNERO**

*En Vigo, na casa do Concello, o día .... de ..... de dous mil nove.*

**REÚNENSE:**

*Dunha parte, o Excmo. Sr. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 96/2006, do 8 de xuño, publicado no DOG. nº 115 de 16 de xuño de 2006, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos, publicados no DOG, nº 237, do 5 de decembro de 2003, con domicilio social no Campus Universitario de Vigo, As Lagoas-Marcosende, Vigo, código postal 36310 de Vigo.*

*E doutra, D.<sup>ª</sup> Iolanda Veloso Ríos, como Concelleira delegada da Área de Igualdade de Vigo, con CIF P-3605700-H e razón social Excmo. Concello de Vigo.*

*Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,*

#### MANIFESTAN

*Primeiro: A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial e, en concreto ás do sector das necesidades presentadas polas mulleres, constitúe unha das preocupacións da sociedade.*

*Segundo: O complemento que para a formación do estudiantado supón o coñecemento do mundo económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.*

*Terceiro: Ambas as dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas nos servizos municipais da área de igualdade, logrando á vez a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas do sector e polas institucións e organizacións que atenden a mulleres.*

*Cuarto: A impartición do “programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero” pola Universidade de Vigo, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a cabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.*

*Quinto: Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación educativa de ambas institucións e delimita as garantías recíprocas para os/as estudantes do devandito máster/curso de posgrao e as empresas do sector público no desenvolvemento do período de prácticas que se contemplan no mesmo, co fin de eliminar os riscos de actuación con relacións xurídico-laborais alleas ao contido educativo deste acordo no marco do Real Decreto 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo R.D. 1845/94 de 9 de setembro.*

*En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración a teor das seguintes*

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- OBXECTO

*O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre as dúas entidades para fomentar a investigación, a formación en estudos feministas desde unha perspectiva interdisciplinaria, a incorporación da óptica feminista en todas as áreas de coñecemento e a constitución dunha plataforma de reflexión tanto no ámbito académico como en toda a sociedade dende perspectivas feministas que apoiem o proceso de incorporación das mulleres, en condicións de plena igualdade, nas diversas facetas da vida económica, social e cultural do Concello de Vigo. Con esta finalidade o Concello de Vigo comprométese, nos termos previstos no presente convenio, ao financiamento de actividades conxuntas do Curso de Posgrao en Estudos de Xénero 2008/09 e a realización de prácticas do alumnado en servizos dependentes da Concellería de Igualdade.*

##### SEGUNDA.- PRÁCTICAS DO ALUMNADO



O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo acordan establecer un programa para a realización de prácticas profesionais dos/as estudantes do 1º curso do "Posgrao en Estudos de Xénero" de acordo coas seguintes normas:

- 1) Poderán participar nas prácticas os/as estudantes do citado curso de posgrao impartido durante o curso 2008-2009.
- 2) O tempo de realización de prácticas por parte de cada estudante non será inferior a 90 horas, realizándose nos horarios habituais de cada un dos servizos adscritos.
- 3) As prácticas realizaranse en algún dos servizos de atención a mulleres dependentes da concellería de Igualdade do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e Oficina da concellería de Igualdade.
- 4) O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle ao/a estudante unha visión global da área municipal de Igualdade.
- 5) A duración, calendario e horario das prácticas precisarase coa Concellería de Igualdade no marco do presente convenio.
- 6) A Concellería de Igualdade designará un/ha titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, propulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación.
- 7) O/A estudante en prácticas non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral con Concello de Vigo, nin terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe a tempo parcial ou calquera modalidade existente, de acordo co previsto no R.D. 1497/81 de 19 de xuño, modificado polo R.D. 1845/1994 de 9 de setembro, e no R.D. 2317/93 de 29 de novembro.
- 8) A dirección do curso de posgrao subscribirá, previo ao inicio das prácticas dos/as estudantes, unha póliza de seguros que cubra os riscos de accidente profesional dos mesmos durante as prácticas, incluíndo os desprazamentos ida e volta ao servizo onde realiza as prácticas, así como os que puideran producirse cando estivesen desempeñando funcións relacionadas coas devanditas prácticas.
- 9) O Concello de Vigo non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo cun/ha estudante en prácticas. Igualmente, non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo co/a estudante mentres non se derroque expresamente o acordo de colaboración respecto dese/a estudante en concreto, comunicándollo por escrito á Comisión de Seguimento.

#### **TERCEIRA.- IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO**

O Concello de Vigo comprométese a aportar a cantidade de 6.000.-€, con cargo á partida orzamentaria 4632 227 06 06 "Plan municipal de igualdade" e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente de Concellería de Igualdade, a favor da Universidade de Vigo en concepto de axuda para a realización das actividades que se desenvolvan no ano 2009 do programa oficial de posgrao en Es-

*tudios de Xénero , no ámbito de aplicación do presente convenio de colaboración e de acordo coa finalidade e obxectivos especificados na cláusula primeira.*

*A axuda se porá a disposición da Universidade de Vigo, nun só pago, e deberá ser xustificada previamente coa presentación da relación de alumnos e alumnas de Vigo matriculados/as e unha certificación expedida polo órgano competente da Universidade de Vigo conforme aplicaron o 100% dos fondos concedidos ao obxecto da axuda.*

#### **CUARTA.- COMPROMISO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

*1º.-Como contrapartida á axuda concedida, a Universidade de Vigo porá a disposición da Concellería de Igualdade 50 prazas gratuítas para a asistencia a un número máximo de 4 clases maxistras organizadas no marco do programa oficial de posgrao e que serán previamente consensuadas entre ambos organismos.As persoas que asistan a esas 4 clases maxistras o farán en calidade de oíntes, sen precisar de matrícula nin reserva de prazas de matrícula.*

*A dirección oficial do Posgrao en Estudos de Xénero comunicará coa debida antelación ao Concello as datas e horarios das devanditas clases para que por parte do Concello se poida realizar a difusión da actividade e a procura das instalacións para a realización de cada unha das clases maxistras.*

*2º.- A Universidade de Vigo comprométese a presentar ante a concellería de igualdade un proxecto relativo ás actividades a desenvolver no ámbito deste convenio:*

*Dito proxecto constará dos seguintes apartados:*

- Denominación do programa ou actividade e tempo de duración do mesmo.*
- Ámbito de actuación do programa e persoas destinatarias.*
- Fases, obxectivos, metodoloxía e método de avaliación que se vai empregar.*
- Relación de persoal responsable.*
- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actividade.*
- Unha memoria final detallada de todas as actividades realizadas, así como a poboación receptora delas, así como unha xustificación de todos os gastos da actividade.*

*3º.- A Universidade de Vigo comprométese a destinar ós fins acordados o financiamento que destine o Concello de Vigo, destacando en lugares ben visibles o seu patrocinio en todos os carteis, folletos, actos académicos e científicos, comunicacións de todo tipo, prensa, radio, televisión, internet, videoconferencias, etc, derivados do funcionamento e desenvolvemento do programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero, así como nas publicacións que resulten dos seus traballos.*

#### **QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

*De Conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelarán a persoa allea ao servizo municipal de igualdade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte ó Concello de Vigo, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse a Axencia Española de Protección de datos.*

*A tal efecto o/a estudante asinará coa Concellería de Igualdade un documento no que se obriga a cumprir o deber de secreto antes citado.*

#### **SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

*Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por D/na. Purificación Mayo-bre Rodríguez e D/na. Beatríz Suárez Briones como representantes da Universidade de Vigo e por D/na. Iolanda Veloso Ríos, concelleira delegada de Igualdade e D/na. Cristina Gómez García, técnica do Departamento municipal de Igualdade, representantes de Concellería de Igualdade do Concello de Vigo coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.*

*Esta Comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e propondrá as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.*

#### **SÉTIMA.- VIXENCIA**

*Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia dun ano dende a data da sinatura do mesmo. Serán gastos subvencionables os que se produzan durante todo o exercicio 2009 e se correspondan cos gastos de organización das actividades incluídas no proxecto da Universidade de Vigo.*

#### **OITAVA.- INTERPRETACIÓN**

*O presente convenio ten natureza administrativa e as dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias serán resoltas pola Comisión Mixta de Seguimento.*

#### **NOVENA.- RESOLUCIÓN**

*Serán causas de resolución do presente convenio:*

- .- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- .- A desviación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.*
- .- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo*
- .- O impedimento ou a dificultade á inspección do Concello no caso de que esta se produza.*
- .- Calquera outra causa que impida a correcta aplicación do convenio.*

*E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo”.*

### **21(784).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE MAIO DE 2009. EXPTE. 6459/306.**

Mediante providencia de data 1.06.09, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, en cumprimento co establecido na base 31ª das normas xerais de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta da relación dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Medio Ambiente durante o mes de maio de 2009, que son os seguintes:

Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
--------	---------	------	--------	---------------	--------------	---------	---------

6302/306	4450.212.00.00	CMOBR	Acondicionamento de 14 ml de muro de contención da caneira municipal da Madroa	ACM Interiores, SL	13/03/2009	15/05/2009	10.609,36 €
6388/306	4450.226.02.01	CMSER	Servizo de acampada dos asistentes e monitores nas Illas Cíes e servizo de catering nocturno	Emilio Fernández Monzonis	22/04/2009	04/05/2009	3.242,10 €
6390/306	4450.226.02.01	CMSER	Contratación do servizo e formación de monitores, socorristas e intérpretes LSE	Organiztia Eventoglobal, SL	22/04/2009	15/05/2009	20.752,40 €
6419/306	4450.226.02.01	CMSER	Desprazamento en kayak na rúa mareal do Camiño a Camiño	Piragüilla, SC	06/05/2009	15/05/2009	533,60 €
6420/306	4450.226.02.01	CMSER	Realización das observacións astronómicas do programa "Camiño a Camiño"	Francisco Novoa Cid	06/05/2009	15/05/2009	1.104,00 €
6428/306	4450.226.02.00	CMSER	Deseño, maquetación e impresión do material informativo do programa Camiño a Camiño e do material identif. Mon.	Arenaria Coordinación, SLNE	08/05/2009	20/05/2009	1.572,32 €
6413/306	4450.227.06.05	CMSER	Programa "Do concepto global ao efecto local. O complexo dunar do Vao, un pequeno paso para un gran cambio"	Novocontorno, SL	04/05/2009	15/05/2009	12.279,52 €
6415/306	4450.227.06.03	CMSER	Localización de niños de gaivota e asesoramento na súa retirada en zonas de recente expansión na cidade	ARCEA Xestión de Recursos Naturais, SL	05/05/2009	15/05/2009	4.053,04 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **22(785).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE MAIO DE 2009. EXPTE. 873/334.**

Mediante providencia de data 2.06.09, a concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, en cumprimento co establecido na base 31ª das normas xerais de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta da relación dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo Normalización Lingüística durante o mes de maio de 2009, que son os seguintes:

Expediente	852/334. Celebración das xornadas <i>Ramón Piñeiro na voz da xente</i>
Decreto concelleira	data 7 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 26373
Adxudicatario	Antaxurada, S.L.
Importe	10.293,84 euros

Expediente	853/334. Lecturas públicas e actividades con motivo do Día das Letras Galegas
Decreto concelleira	data 7 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 26371

Adxudicatario	VAN divulgación cultural, S.L.
Importe	4.292,00 euros

Expediente	854/334. Organización do concerto por mor do Día das Letras Galegas
Decreto concelleira	data 8 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 26370
Adxudicatario	NUJOLE Producións, S.L. (Axencia Muxicas)
Importe	10.237,00 euros

Expediente	855/334. Organización da Festa das Letras Galegas (17 de maio)
Decreto concelleira	data 8 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 26369
Adxudicatario	NUJOLE Producións, S.L. (Axencia Muxicas)
Importe	12.922,40 euros

Expediente	856/334. Espectáculo monecos bolechas "Un día no cinema"
Decreto concelleira	data 11 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 27429
Adxudicatario	Promocións culturais galegas, S.A.
Importe	2.088,00 euros

Expediente	857/334. Adquisición de libros dos bolechas
Decreto concelleira	data 11 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 27065
Adxudicatario	Promocións culturais galegas, S.A.
Importe	3.000,00 euros

Expediente	858/334. Actividade "o xogo das parellas"
Decreto concelleira	data 13 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 27588
Adxudicatario	Editorial Gárgola, S.L.
Importe	5.800,00 euros

Expediente	862/334. Actividade Correlingua 2009 (actividade dinamizadora da lingua entre a poboación escolar)
Decreto concelleira	data 20 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 28310
Adxudicatario	Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

Importe	3.599,97 euros
Expediente	868/334. Xestión de actividades de dinamización lingüística
Decreto concelleira	data 22 de maio de 2009
Informe Intervención	RC 29710
Adxudicatario	producción e xestión cultural, S.L. (PXC)
Importe	6.299,99 euros

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **23(786).- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO CONCESIONAL E DE INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS POR CONSECUCENCIA DA AMORTIZACIÓN DE SEIS PRAZAS DO APARCADOIRO DA PORTA DO SOL. EXPTE. 17401/240.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 16.02.09, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, o concelleiro delegado de Patrimonio e o interventor xeral, que di o seguinte:

#### *Normativa de aplicación:*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) .*
- *Decreto de 9 de xaneiro de 1953 que aproba o Regulamento de contratación das Corporacións locais (RCCL).*
- *Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o Texto articulado da Lei de contratos do Estado (LCE).*
- *Decreto 3470/1975, de 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de contratación do Estado (RGCE).*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).*
- *Código Civil, aprobado polo Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).*
- *Prego articulado de condicións xurídicas, técnicas e económicas que haberá de rexer no concurso para a concesión do estacionamento para vehículos automóbiles na Praza do Capitán Carreró (PCAP).*

#### *Antecedentes:*

*Rosa Mijangos Fernández, en nome e representación de INTERPARKING HISPANIA, S.A., mercantil titular da concesión para a explotación do aparcadoiro da Porta do Sol, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de novembro de 2005, manifesta que por mor da realización das obras de humanización do entorno da Praza da Princesa no ano 2000 se cambiou a ubicación das ramplas de acceso e saída de vehículos do aparcadoiro, obras que implicaron a inutilización definitiva de seis prazas de estacionamento. En consecuencia, solicita a modificación do contrato concesional que vincula ó Concello coa súa representada reducindo o seu obxecto, así como unha compensación económica para resarcir a concesionaria do prexuízo económico que conleva esta redución de prazas.*

*No curso da tramitación do presente expediente, realizáronse, entre outros, os seguintes trámites:*

- Informe do servizo de Patrimonio Histórico, de data 15/11/2005.*
- Informes do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio, de datas 02/12/2005 e 09/03/2006.*
- Informes da Técnico de Administración Especial da Unidade de Patrimonio, de datas 28/11/2008, 11/02/2009 e 16/02/2009.*

*Fundamentos xurídicos:*

*Primeiro.- O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria de data 31 de marzo de 1970, acordou adxudicar á empresa ESTACIONAMENTOS GALEGOS, S.A., o concurso público para a construción e explotación de vehículos automóbiles na Praza do Capitán Carreró e zonas adxacentes (hoxe Porta do Sol) por un prazo de 45 anos. A concesión configurouse como unha concesión administrativa conxunta de obras e servizo público á que se refire o artigo 114.2.a do RS.*

*Segundo.- Por acordo plenario de 28/12/2001 se recoñeceu a cualidade de adxudicataria da concesión a “CENTRAL PARK, APARCAMIENTOS Y SERVICIOS URBANOS, S.L., trala súa fusión con ESTACIONAMENTOS GALEGOS, S.A., e o seu posterior cambio de denominación a INTERPARKING, S.L. Posteriormente esta mercantil, por acordo da Xunta Xeral de socios de data 28/11/2001, se transformou en sociedade anónima, circunstancia da que tomou razón o Pleno deste Concello, na súa sesión de data 29/07/2002.*

*Terceiro.- O Concello realizou no ano 2000 obras de remodelación do entorno da Praza da Princesa que supuxeron o traslado de lugar da entrada de vehículos do aparcadoiro da Porta do Sol e a conseguinte amortización das seis prazas situadas no lugar que ocupa o actual acceso rodado ó mesmo. En consecuencia, a concesionaria solicita unha modificación do obxecto contractual e unha indemnización polos danos e prexuízos que se lle irrogaron por mor desta redución de prazas.*

*Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), polo que a procedencia ou improcedencia da modificación solicitada terá que ser analizada consonte a mesma.*

*Entre as facultades que ostenta a Administración no seno do contrato está a de ordenar discrecionalmente, como podería dispoñer si xestionase directamente ó servizo, as modificacións que aconselle o interese público, a variación na calidade, cantidade, tempo ou lugar das prestacións en que o servizo consista (artigo 127.1.1.a RS). En contraprestación a Administración ten a obriga de manter o equilibrio financeiro da concesión para o que compensará economicamente ó concesionario por razón das modificacións que lle ordene introducir no servizo e que incrementen os custos ou diminúan a retribución (artigo 127.2.2.a RS).*

*INTERPARKING solicita en primeiro lugar unha redución do obxecto do contrato. No entanto, o obxecto do presente contrato non é a explotación dun número concreto de prazas senón a construción e posterior explotación dun aparcadoiro subterráneo. Neste senso, o prego non fixa o número de prazas de aparcamento, senón que prevé que se fixen nun momento posterior unha vez executadas as obras, e así se determina o seu número na escritura de formalización do contrato. En consecuencia, a redución do número de prazas de aparcamento non implica unha redución do seu obxecto, que permanece inalterable. En todo caso, o que é obxecto de modificación é o proxecto de obras do aparcadoiro ó terse alterado a pranta do mesmo e a distribución das prazas.*

*A concesionaria solicita tamén unha indemnización polos danos e prexuízos que lle supuxo esta diminución de prazas. Segundo os preceptos citados do Regulamento de Servizos das Corporacións legais, efectivamente a Administración de terse alterado coa modificación introducida o equilibrio do contrato deberá indemnizar o concesionario e restituír o equilibrio económico da concesión. Sen embargo, para determinar a procedencia ou improcedencia da indemnización e calcular o seu importe resulta imprescindible a acreditación desta diminución de ingresos e consecuentemente dos beneficios da concesionaria. Neste senso, requiríuse a INTERPARKING a achega das contas de explotación dos exercicios inmediatamente anteriores á amortización das prazas e dos posteriores á mesma para fixar a repercusión de cada praza na explotación. No entanto, INTERPARKING, a pesar do requirimento desta Administración, non aporta as contas anuais e limitase a presentar un estudo económico sobre a perda patrimonial experimentada por mor desta supresión de prazas imposta pola Administración municipal. Segundo informa a técnico de administración especial do Departamento de Patrimonio, tal documentación non acredita o posible prexuízo económico producido, xa que se trata dunha proxección de fluxos de tesourería asociados ás seis prazas afectadas, realizados en base a supostos teóricos, non se trata de datos obxectivos e reais, como os que se desprenden das contas oficiais da empresa. En consecuencia temos que concluír que non constan acreditados os supostos prexuízos económicos sufridos pola concesionaria. Prexuízos que, dado que so se teñen suprimido seis prazas de 272, so se producirían no caso de que a ocupación do aparcadoiro fose sempre do 100% e efectivamente se deixasen de recadar os ingresos correspondentes a tarifa de ocupación desas prazas, extremo que tampouco aparece acreditado, polo que a priori parece presumible, a falta de proba en contrario, que a supresión de 6 prazas non tivo repercusión na explotación do aparcadoiro da Porta do Sol. Ó non acreditarse os posibles prexuízos, non procede indemnización de danos e prexuízos.*

*O ter acontecido esta modificación unha vez que o aparcadoiro xa estaba en funcionamento, e dado que no PCAP o canon anual se fixa por praza de aparcamento, o que si procede é unha redución do mesmo. O canon anual ten permanecido invariable dende o ano 2005, momento en que se formulou a solicitude da concesionaria. Esta fixada unha cantidade de 2. 200, 08 euros/ano, resultando un prezo por praza de 8, 09 euros/praza. A cantidade a deducir do canon a resultas da inutilización de seis prazas é de 48, 53 euros/ano, quedando o canon anual dos anos 2005 a 2008 en 2. 151, 55 €. Así mesmo, resulta procedente indemnizar a INTERPARKING HISPANIA, S.A., polas cantidades aboadas en exceso en concepto de canon dende a presentación da presente solicitude, 2 de novembro de 2005, ata a actualidade máis o interese legal correspondente a estas cantidades. Segundo informa a técnico de administración especial da Unidade de Patrimonio en data 16/02/2009, a administración municipal deberá indemnizar a INTERPARKING HISPANIA, S.A. coa cantidade de 174, 25 €, que se desglosa do seguinte modo:*

- ano 2005: 9, 97 € (parte proporcional a 2 meses de 48, 53 € polo exceso de canon e 9, 97 € en concepto de intereses).*
- ano 2006: 57, 39 € (48, 53 € polo exceso de canon e 8, 86 € en concepto de intereses).*
- Ano 2007: 54, 96 € (48, 53 € polo exceso de canon e 6, 43 € en concepto de intereses).*



- Ano 2008: 51, 93 € (48, 53 € polo exceso de canon e 3, 40 € en concepto de intereses).

Con respecto o ano 2009, o actualizarse o seu importe se terá en conta o novo número de prazas, 266.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Denegar a redución do obxecto do contrato solicitada polas razóns expostas no corpo deste escrito.

2º.- Denegar a indemnización de danos e prexuízos solicitada por mor da redución de prazas por non terse xustificadas a procedencia da mesma.

3º.- Indemnizar a INTERPARKING HISPANIA, S.A. coa cantidade de 174, 25 € polas cantidades aboadas en exceso en concepto de canon dende 2 de novembro de 2005 ata a actualidade e o interese legal correspondente a estas cantidades.

4º.- Fixar o número de prazas do aparcadoiro da Porta do Sol en 266 co obxecto de actualizar o canon correspondente ó ano 2009”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(787).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIONS A D. FRANCISCO DAVILA VIEITEZ. EXPTE. 19601/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 28.05.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

#### DECRETO

Con data 1 de abril de 2009 o xefe de área de Servizos Xerais, o Xefe do Parque Mobil co conforme da Sra. Concelleira de Servizos Xerais e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión, remiten a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións como Capataz do Parque Mobil para o xefe de equipo D. Francisco Davila Vieitez.

Dita petición prodúcese como consecuencia da xubilación do Capataz do Servizo D. José Luis Gómez Alvarez, con efectos do día 27 de maio de 2009, e na necesidade de que alguen leve a cabo as tarefas de coordinación do distinto persoal do servizo, en tanto non se cubra dita vacante polo procedemento que corresponda, e asimismo como para o desenvolvemento de dito posto de capataz, encadrado no subgrupo C2, esixese a mesma titulación que a que posúe o Xefe de Equipo proposto encadrado no mesmo subgrupo de titulación

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, así como o art. 81.3 que establece que en caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderán proveerse con carácter provisional debendo procederse a súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

#### **R E S O L V O**

*“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D. Francisco Davila Vieitez, con nº de persoal 15119, oficial de oficios con posto de Xefe de Equipo, funcións de Capataz do Parque Móbil, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, como consecuencia da xubilación do seu titular con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata que se proceda a súa cobertura definitiva, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura do Parque Central de Servizos, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### **Acordo**

**A Xunta de Goberno local queda enterada.**

**25(788).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE READSCRIPCIÓN PROVISIONAL DE FUNCIONARIAS, ADMINISTRATIVA E AUXILIAR INTERINA AOS SERVIZOS DE RECURSOS HUMANOS E CEDRO, RESPECTIVAMENTE. EXPTE. 19028/220, 19027/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 12.05.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 23 de abril de 2009, presentado no Rexistro Xeral, nº doc. 90059507, a administrativa de administración xeral D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Fernández Alvarez, nº persoal 21858, adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica Municipal, solicita o seu traslado ao Servizo de Recursos Humanos, petición que foi informada favorablemente polo titular da Asesoría Xurídica en data 28 de abril seguinte.

*Considerando o recollido no artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público (BOE núm. 89, de 13 de abril do 2007), que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando, no seu caso, a adscripción dos postos de traballo dos que sexan titulares;*

*Vista a Instrucción de Servizo de data 12 de maio actual, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ostento en relación á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, segundo delegación efectuada en Decreto de data 7 de xullo de 2007,*

**R E S O L V O:**

*“Primeiro.- Readscribir provisionalmente a Administrativa de Administración xeral D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mar Fernández Alvarez, nº persoal 21858, adscrita actualmente ó Servizo de Asesoría Xurídica Municipal, cód. 111, ó Servizo de Recursos Humanos, negociado de Seguridade Social, cód. 221, onde desenvolverá as funcións propias da súa praza.*

*Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do día 14 de maio de 2009, dese traslado á interesada, Director da Asesoría Xurídica Municipal, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, Organización e Métodos, Intervención Xeral, así como ao Comité de Persoal, os efectos oportunos.*

*A modificación que orixina o referido traslado deberá ser incorporada polo Servizo de Recursos Humanos na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe”.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**26(789).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A REDUCIÓN DE XORNADA E NOVA AUTORIZACIÓN Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 19044/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 20.05.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Con data 12 de maio de 2009, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 90069732) D<sup>a</sup> Cristina Gómez García (núm. persoal 78121) xefa do Servizo de Igualdade, adscrita a dito Servizo, solicita de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 12 de abril de 2005, dende o próximo 12 de xuño de 2009 e volver a retomar a dita xornada con efectos a partir do 4 de outubro do 2009.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación da Alcaldía-Presidencia efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

**R E S O L V O**

*Primeiro.- Deixar sen efecto a partir do día 12 de xuño de 2009 (inclusive), a redución de xornada solicitada por D<sup>a</sup> Cristina Gómez García, núm. persoal 78121, xefa do Servizo de Igualdade, adscrita a dito Servizo, debendo percibir a partir do día 12 de xuño de 2009 as súas retribucións íntegras.*

*Segundo.- Autorizar novamente a redución de xornada nunha hora ó inicio da xornada, laboral quedando establecida de 7,45 a 8,45 horas con efectos a partir do 4 de outubro de 2009 (inclusive), de conformidade co previsto no art 76.1.g) do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, coa correspondente redución de retribucións.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**27(790).- DAR CONTA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO REDUCIÓN DE XORNADA Á FUNCIONARIA D<sup>a</sup> SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. EXPTE. 19055/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 22.05.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Con data 19 de maio de 2009, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello doc. 90075210, presentado por D<sup>a</sup> Silvia Taboada Gonzalez, con n<sup>o</sup> de persoal 79158, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica, solicita se deixe sen efecto a resolución de 9 de setembro de 2008, de redución de xornada con efectos de 13 de xuño de 2009.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación da Alcaldía-Presidencia efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

#### **R E S O L V O**

*Primeiro.- Deixar sen efecto a partir do día 13 de xuño de 2009, a redución de xornada solicitada por D<sup>a</sup> Silvia Taboada Gonzalez, con n<sup>o</sup> de persoal 79158, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica debendo percibir a partir do día 13 de xuño de 2009, debendo percibir as súas retribucións íntegras.*

*Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, ao Titular da Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización), e dese conta á Xunta de Goberno Local.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **28(791).- EXECUCIÓN SENTENZA NÚM. 271/07, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N<sup>o</sup> 2, DE D<sup>a</sup> AUREA SOTO LAGO. 19057/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 1.06.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*1.- En Decreto de data 8 de xuño do 2007, o Primeiro Tenente de Alcalde acordou o traslado co seu posto de traballo da funcionaria municipal D<sup>a</sup> Áurea Soto Lago, delinaneete municipal adscrita ao posto de traballo denominado “xefe/a de grupo de Inspección Técnica de Obras”, ata o momento adscrita ao organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” -como persoal do Concello adscrito ao mesmo- ao Servizo municipal de Patrimonio Histórico, fundamentado na petición escrita asinada polo Xerente de Urbanismo e o propio Primeiro Tenente de Alcalde na súa condición de Vicepresidente da citada Xerencia, motivada nos termos que constan no expediente administrativo de traslado.*

*2.- Esgotada a vía administrativa –no marco da cal o Concello de Vigo resolveu o recurso de reposición presentado no seu momento pola funcionaria, o cal foi informado motivadamente polo Sr. Secretario da Xerencia,*

sendo desestimado o mesmo por Decreto do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 7 de agosto do 2007- D<sup>a</sup> Áurea Soto Lago interpuxo recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, que en Sentenza do 21 de decembro de 2007 (procedemento abreviado 271/007) fallou que:

*“Estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación de Áurea Soto Lago frente al Concello de Vigo seguido como proceso abreviado número 271/07, contra Resolución de 7 de agosto de 2007 del Concejal delegado de Personal del Concello de Vigo descrita en el encabezado esta sentencia, resolución que se declara contraria a Derecho y se anula; sin pronunciamiento en materia de costas.”*

A dita sentenza foi confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza nº 45/2009, do 28 de xaneiro.

3.- Tendo sido instada a execución da sentenza pola recorrente perante o órgano xurisdiccional encargado da mesma, en Providencia de data 11 de maio do 2009 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo (recibido no Servizo de Recursos Humanos o 28/05/2009) require ao Concello para que no prazo de 20 días se informe sobre o estado da execución da referida resolución xudicial, á vista do cal procede que polo Concello de Vigo se execute a sentenza nos seus propios termos.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**I.** O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprilas sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

**II.** Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

Por este Servizo de Recursos Humanos –e sen entrar a analizar os concretos pronunciamentos contidos na resolución xudicial que se executa en relación coa reasignación de efectivos e os réxime dos traslados de persoal– estímase necesario que a Xunta de Goberno Local tome pleno coñecemento da mesma na totalidade dos seus propios termos.

**III.** Sen prexuízo das competencias que o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a com-

petencia para acordar a execución efectiva da sentenza, no uso das competencias en materia de persoal que lle atribúe o artigo 127.1.h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

*“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza do 21 de decembro de 2007 (procedemento abreviado 271/07) interposto por D<sup>a</sup> Áurea Soto Lago, na cal literalmente se fallou:*

*“Estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación de Áurea Soto Lago frente al Concello de Vigo seguido como proceso abreviado número 271/07, contra Resolución de 7 de agosto de 2007 del Concejal delegado de Personal del Concello de Vigo descrita en el encabezado esta sentencia, resolución que se declara contraria a Derecho y se anula; sin pronunciamiento en materia de costas” , dispoñendo a restitución do posto de traballo denominado “xefe/a de grupo de inspección técnica de obras” (código de posto 413.09, código retributivo 190) ao organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” (persoal adscrito), con efectos económicos e administrativos da data de adopción do presente acordo.*

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Concello, notificando asemade o mesmo á recorrente, Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de urbanismo, Patrimonio Histórico, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e organización e Negociado de Seguridade Social) e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(792).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE ENCOMENDA DE FUNCIONS DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E DE PERSOAL DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN” A D. XOSÉ LOIS CEA NOGUEIRA. EXPTE. 19062/220**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 22.05.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Con data 20 de maio de 2009 os Concelleiros delegados de Cultura e Patrimonio Histórico, remite a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda das funcións de xestión orzamentaria e de persoal no Museo Quiñones de León, a D. Xose Lois Cea Nogueira, funcionario adscrito ao Posto de Xefe de Servizo de Museos Municipais, mentras D Jose Ballesta de Diego, director do Museo, se atope de baixa por I.T.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspon-*

*dentos ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

## **R E S O L V O**

*“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Xose Lois Cea Nogueira, nº de persoal 21150, Xefe do Servizo de Museos Municipais adscrito a Área de Cultura e Animación Sociocultural as tarefas de xestión orzamentaria e de persoal, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata a incorporación do Director do Museo da súa baixa por I.T. e en todo caso ata o 31 de decembro do presente ano 2009*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleiros delegados das Áreas, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **30(793).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS AO FUNCIONARIO D. FRANCISCO J. GUTIÉRREZ ORÚE. EXPTE. 4034/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.05.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 20.04.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo resolución de data 25.03.08 na que , considerando as necesidades organizativas que se demandan polo Concelleiro-delegado da Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego, e atendendo á circunstancia de que o funcionario D. Jesús González*



*Roca, adscrito á Xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego por Decreto de data 13/03/2008, se atopa en situación de incapacidade temporal, resulta imprescindible que con carácter provisional se proceda a contar cun funcionario/a municipal que transitoriamente desenvolva as funcións de responsable do dito servizo Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que o Concelleiro delegado de Xestión Municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, resolveu encomendar ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito (xefe do Servizo de Participación Cidadá).*

*Da devandita Resolucion douse conta a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de abril de 2008*

*En escrito recibido no Servizo de RR.HH en data 14 de abril de 2009 , O Xefe de Participación e Atención Cidadá, D Francisco J. Gutiérrez Orúe con número de persoal 13920, co conforme do Concelleiro delegado da Área de Promoción económica, emprego e participación cidadá solicita o aboamento da produtividade correspondente a encomenda de funcións do posto de xefe de servizo de Formación e Emprego, correspondente ao prazo de 6 meses desde o 26 de setembro de 2008 ao 31 de marzo de 2009 e que supón a cantidade de 4233,60 €.*

*Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudir ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.*

*En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Así mesmo, nas vixentes instrucións de plantilla no apartado terceiro a) recollese que “con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia ...por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado”.*

*Segundo os datos obrantes na Unidade de persoal, o funcionario D Francisco J Gutierrez Orue disfrutou de 5 días de vacacions (do 1 ao 5 de decembro de 2008) e non tivo ningunha baixa por IT no periodo mencionado.*

*Remítese adxunto copia da resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 25 de marzo de 2008, pola que se acumula a D Francisco J Gutierrez Orue, xefe de participación e Atención Cidadá con número de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*Para a realización do cálculo económico a funcionaria que suscribe considera que a encomenda de funcións realizada en dita data supón unha acumulación de funcións dos postos de Xefe de participación e atención Cidadá e xefe de servizo de formación e emprego, aunque na mencionada resolución textualmente encoméndase “funcións de responsable do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego”.*

*Tendo en conta que o complemento de destino do posto 36 “Xefe do Servizo de Formación e emprego” supón un importe mensual de 718,37 € no ano 2008 e de 732,74 € no ano 2009, para o período comprendido entre o 26 de setembro de 2008 ao 31 de marzo de 2009, correspondería o aboamento en concepto de produtividade ao funcionario D Francisco J Gutierrez Orue, con número de persoal 13920, a cantidade de 4233,60 €.*

*En consecuencia, e previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, sométese ao órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“Recoñecer á D D Francisco J Gutierrez Orue, con número de persoal 13920, un complemento de produtividade por importe de 4233,60 €, importe calculado en función do importe mensual do complemento de destino do posto 36 “Xefe do Servizo de Formación e emprego, posto acumulado según resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 25 de marzo de 2008, polo período comprendido entre o 26 de setembro de 2008 ao 31 de marzo de 2009.*

*Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **31(794).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11-05-2009, RELATIVO A ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIO POR CONDUCIR VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL CONDUTOR. EXPTE. 19042/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 29.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 20.05.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro de transcripción detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data data 11 de maio do 2009 (expediente administrativo nº 18.956/220) sobre abono en concepto de complemento de produtividade por conducir vehículos lixeiros municipais sen ser oficiais-condutores, o persoal municipal de distintos servizos, quedando redactado da seguinte forma:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Parque Central, Educación, Parque Mobil, Cultura, Sanidade e Educación, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 3.744'07, correspondentes ó 1º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

2º.- Aboar en concepto de complemento de produtividade por conducir vehículo lixeiro municipal sen ser oficial-conductor, a don Gabriel García Alvarez a cantidade de 97'73, cantidade resultante da diferenza entre a cantidade que debería percibir e a realmente aboada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2009.

3º.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

**32(795).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. AVELINO SAN LUIS COSTAS, SEGUNDO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30-04-07. EXPTE. 18726/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 30.12.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer ao funcionario D. Avelino San Luis Costas, adscrito a Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 2600,00 € euros, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de abril ao 30 de xuño de 2008, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**33(796).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A PERSOAL ADSCRITO AO GABINETE DA ALCALDÍA. EXPTE. 18724/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 29.12.09, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

O aboamento dun complemento de produtividade polos seguintes importes, ás funcionarias adscritas o Servizo da Alcaldía, que se relacionan, pola súa adicación con que estiveron a desempeñar os seus postos ao longo do ano 2008:

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Categoría	Importe
79497	González Torres, Marta	Subalterna	1.200€
80278	Pena García, Susana	Subalterna	1.200€
80166	Pereira Fontán, Eva	Auxiliar	2.025€
78893	Abalde Comesaña, Raquel	Auxiliar Alcaldía	2.700€

Dese traslado da presente acordo ás interesadas, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**34(797).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO OFICIAL ELECTRICISTA D. JOSÉ ANTONIO HEREDIA PELEGRÍN. EXPTE. 18732/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 29.12.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer ao oficial electricista adscrito ao servizo de electromecánicos D Jose Antonio Heredia Pelegrín, con nº de persoal 22817, polo seu interese, iniciativa e desempeño dunha carga administrativa moi superior a que lle correspondería, un complemento de produtividade por importe de 553,92 €, polo especial interese, adicación e iniciativa con que estivo a desempeñar o seu posto no Servizo de Electromecánicos ao longo do ano 2008.

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**35(798).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO XEFE DO SERVIZO DE EDUCACIÓN D. RAFAEL OJEA PÉREZ. EXPTE. 18727/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 30.12.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por importe total de 11.519,22 € ao funcionario D Rafael Ojea Perez, en aplicación do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007, na que se acordou encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de xefe do servizo de Educación e supervisión do Organismo Autónomo Municipal “Escola de Artes e Oficios” ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, deixando sen efecto a encomenda de funcións de dirección do dito organismo efectuada ao funcionario D. Jacinto Martín Barreras por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2006, así como aquelas outras que puidesen ter sido autorizadas na Área de Educación e recoñecer un complemento de produtividade ao funcionario pola encomenda de funcións acordada, previa acreditación da realización efectiva das funcións encomendadas, sen prexuízo das previsións dos Orzamentos municipais para o ano 2008.

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos,

termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**36(799).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DO CONCELLO DE BURGOS E DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CÁDIZ. EXPTE. 2870/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 21.05.09, o informe do interventor xeral do 29.05.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 14.05.09, conformado polo concelleiro delegado de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor das entidades que deseguido se di, orixinado polo Bus turístico promocial de Vigo, con cargo á partida 75102250000 “Tributos” do vixente presuposto:

Entidade: Ayuntamiento de Burgos

CIF: P 0906100-C

Data: 14.05.2008

N: 4516229-O

Concepto: Tasa utilización dominio público local. Fiestas callejeras 2004

Importe: 19,29 euros

Nº Rexistro: 80062585

Data Rexistro: 20.05.2008.

Entidade: Diputación Provincial de Cádiz

CIF: P-1100000-G

Data: 08.04.2008

N: 1090088159

Concepto: OVP Puestos desmontables. Ayuntamiento del Puerto de Santa María. Deudas en Ejecutiva.

Importe: 256,61 euros

Nº Rexistro: 80049417

Data Rexistro: 23 abril 2008.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**37(800).- DEIXAR SEN EFECTO A SUSPENSIÓN PROVISIONAL DE EMPREGO DO POLICIA LOCAL D. MARTIN RIAL EIRAS E ORDENAR A SUA REINCORPORACIÓN Ó SERVIZO. EXPTE. 33981/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Asesoría Xurídica da Policía Local de data 5.06.09, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Deixar sen efecto a medida de suspensión provisional de emprego do funcionario de carreira con posto de traballo de Policía Local D. Martín Rial Eiras, adoptada no acordo de 27 de maio de 2009 polo que se lle incoa expediente disciplinario pola presunta comisión dunha falta disciplinaria moi grave.

2º.- Ordenar, en consecuencia, a súa reincorporación ao servizo activo, sen prexuízo da posibilidade de volver a considerar a medida alzada, a instancia do instructor do expediente disciplinario e mentres dure o mesmo, si houbese lugar a iso.

**38(801).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO-2008 E FEBREIRO-2009. EXPTE. 18880/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 3.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de **OUTUBRO NOVIEMBRE -08 e FEBREIRO MARZO-09** c con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Outubro	189'00
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Novembro	249'00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Antonio Rodríguez Rodríguez	Outubro	997'00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Antonio Rodríguez Rodríguez	Novembro	978'15
Vias e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a José Vázquez de Francisco	Outubro	505'00
Vias e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a José Manuel Martínez González	Novembro	484'00
OSPPIO	De José Eugenio Matilde Viñas a Angel Ferro Macho	Outubro	63'00

OSPPIO	José Eugenio Matilde Viñas	Novembro	30'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Outubro	682'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Novembro	550'00
Alcaldía	De Basilio costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Outubro	309'00
Alcaldía	De Basilio costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Novembro	284'75
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Outubro	37'00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Novembro	48'00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a M <sup>a</sup> Luz Palmás Calvar	Outubro 08 Febreiro 09	1.414'00
Bombeiros	M <sup>a</sup> Luz Palmás Calvar	Novembro	60'00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Rubén Veiga García	Marzo 09	2,405'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Outubro	136'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Novembro	161'00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a José Manuel Sousa Atrio	Outubro	395'00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a José Manuel Sousa Atrio	Novembro	356'00
Distritos	De Ana Cardoso Alfonso a Carmen Cotilla Iglesias	Outubro	54'24
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel Vázquez Martínez	Febreiro 09	148'00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel Vázquez Martínez	Marzo 09	92'00
Conserxería	De M <sup>a</sup> Teresa Vaqueiro Herbello a Julio Yáñez Rodríguez	Outubro	58'00
Policia Local	De Constante Alonso Caride a Pablo Vila Campos	Febreiro	1,729'45
Policia Local	De Celina Agahwa Martínez a Juan Guillermo Vivero Mijares	Marzo 09	2,365'15
Policia Local	De Manuel Aballe González a Ramón Vidal Macia	Marzo 09	3,692'00
Electromecánicos	Julio Rodríguez Granja	Novembro	6'00

O montante dos presentes expedientes ascenden a un total de 169,453'86 € (CENTO SESENTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCOENTA E TRES EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS).

**39(802).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN POR CONDUCIR UN VEHÍCULO LIXEIRO MUNICIPAL SEN SER CONDUTOR OFICIAL, PRIMEIRO TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19019/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.



Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de desinfección, D Ramon Seijas Alvarez, D Jose Manuel Sousa Atrio e D Manuel Antonio Pereiro Alonso, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, as cantidades que figura na relación que se achega no expediente, por un importe total de 421.25€ correspondentes ó 1º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

**40(803).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, ABRIL 2009. EXPTE. 19018/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de ABRIL-09, e que ascenden a un total de 1005.51 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**41(804).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, ABRIL 2009. EXPTE. 19017/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha

Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mês de ABRIL 2009 e que ascenden a un total 487'36 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**42(805).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL POR TOXICIDADE, ABRIL 2009. EXPTE. 19015/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, ao persoal que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Amoedo García, Antonio e remata por Prieto Domínguez, Florentino as cantidades que figura para cada un deles e que ascenden a un total de 108'60 € (CENTO OITO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), correspondente ao mes de ABRIL de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE

**43(806).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E XORNADA NOCTURNA DO PERSOAL MUNICIPAL, ABRIL 2009.EXPTE. 19020/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 15.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	abril	Basilio Costas Fernandez e Camilo Fontan Balbuena	621,56	62,33	683,89
Alcaldía	abril	Abalde Comesaña, Raquel	56,14	0,00	56,14
Parque Central	abril	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	1.130,82	731,70	1.862,52
Montes, Parques e Xardíns	abril	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	1.555,88	731,70	2.287,58
Parque Móbil	abril	De Alvarez Berardez, Amador a Vul-	1.412,52	1.175,46	2.587,99

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
		cano Ferreyra J. Genaro			
Bombeiros	abril	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	33.868,46	18.151,58	52.020,04
Limpeza	abril	De Hermida Sanmartin Juan Jose a Lojo Pancorbo Jose Manuel	986,46	224,93	1.211,39
Cemiterios	abril	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	2.180,47	0,00	2.180,47
Policía Local (xornada en exceso)	abril	De Alonso Caride Constante a Vila Campos Pablo	4.624,61	368,61	4.993,22
Policía Local	abril	De Abalde Casanova Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo	40.214,44	26.734,66	66.949,10
Policía Local (xulgados)	abril	De Alonso Couñago Cesar a Vivero Mijares, Juan Guillermo	3.721,28	0,00	3.721,28
Desinfección	abril	De Pardellas Avion, A. Avelino a Sousa Atrio, Jose Manuel	264,66	271,00	535,66
I.M.D.	abril	Rial Estevez, Francisco	232,58	31,17	263,75
Conserxeria	febreiro	Jose Angel Fdez Alonso	20,05	0,00	20,05
			90.889,93	48.483,14	139.373,07

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 139.373,07 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.”

**44(807).- GRATIFICACIÓN POR EXCESO DE XORNADA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, ABRIL 2009. EXPTE. 19016/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 14.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de ABRIL-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**45(808).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.